

ASUNTO PLE/2024/00013697N

**ACTA NÚM. 5 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA 20 DE MARZO DE 2024.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:05 horas** do día **20 de marzo de 2024**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Miriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereza Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00013697N.

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de febreiro de 2024.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2024/00001331C.**

Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela e o seu Cadro de persoal para o exercicio 2024.

3. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao centro de atención polivalente e interxeracional de Compostela.

4. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á extensión da zona ORA ás rúas de Santa Marta para mellorar a mobilidade na contorna do CHUS.

5. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para desenvolver un plan municipal de saúde mental.

6. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para solicitar que Santiago de Compostela se postule para ser a sede da convención Turespaña 2025.

7. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2024/00013697N.**

Tomar coñecemento das resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

8. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

1. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao perigo de derruba do muro da rúa Belvís.
2. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao estado da rúa Lisboa en Fontiñas.
3. Formulado polo PSdeG-PSOE sobre o proceso de estabilización.

Preguntas orais:

1. Formulada polo PP sobre o nivel de colaboración do concello coa Semana Santa.
2. Formula polo PP sobre a situación da obra de rehabilitación do complexo deportivo de Vite.
3. Formulada polo PP sobre os fallos na xestión do cobro do servizo de comedor e madrugadores.
4. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa a execución do proxecto de renaturalización entre Sar e Sarela.
5. Formulada polo PSdeG-PSOE sobre o servizo de conservación, reparación, reforma ou ampliación de edificios e instalacións municipais.
6. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa á execución do plan de sostibilidade turística.

9. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PSdeG-PSOE sobre a definición de vivenda baleira na lexislación autonómica.
2. Presentada polo PSdeG-PSOE para a promoción do sector da ourivería en Compostela.
3. Presentada polo PP para a eliminación da zona Ora creada recentemente na contorna do CHUS.
4. Presentada polo PP para transparentar os expedientes de contratación de

emergencia realizados durante a pandemia do COVID-19.

5. Presentada polo PP para a creación dun Marketplace local como ferramenta de apoio ao comercio local.

6. Presentada polo PP para a elaboración dun plan de dinamización da venda ambulante.

Foi retirada antes da celebración da sesión a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre estabilidade orzamentaria que figuraba co núm. 1 na convocatoria da presente sesión.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, ten lugar a intervención de Don Arturo Ouro Horas, en relación á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á promoción do sector da ourivería en Compostela.

Previa declaración de urxencia, acordada por unanimidade, inclúese o seguinte asunto na orde do día:

ALCALDÍA. Referencia: **2024/00014257C.**

Modificación da data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de abril de 2024.

Cumpriméntase así:

ALCALDÍA. Referencia: **2024/00014257C.**

MODIFICACIÓN DA DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO MES DE ABRIL DE 2024.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na sesión do 24 de xuño de 2023, acordou que as súas sesións ordinarias terían lugar o derradeiro xoves de cada mes, ás 10:00 horas e, se o xoves fose festivo, a sesión celebraríase á mesma hora dous días antes ou dous despois, previa consulta á Xunta de Portavoces.

CONSIDERACIÓNS

A sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de abril de 2024 tería lugar o día 25, mais ese día está prevista a celebración de diversos actos oficiais da Corporación que non podería realizarse por coincidir co desenvolvemento da sesión plenaria.

Na Xunta de Portavoces consultóuselle aos portavoces dos grupos municipais a posibilidade de adiantar a sesión plenaria ao día 24 de abril, expresando todos eles a súa conformidade coa proposta.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Adiantar ao día 24 de abril de 2024 a data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente a ese mes. A sesión comezará ás 10:00 horas.”

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda adiantar ao día 24 de abril de 2024 a data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente a ese mes. A sesión comezará ás 10:00 horas.

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00013697N.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE FEBREIRO DE 2024.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de febreiro de 2024.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00001331C.
APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SEU CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2024.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vistas as 44 alegacións presentadas no período de exposición pública do expediente de Aprobación inicial do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024.

2. Vista a certificación emitida con data 06.03.2024 polo Sr. Secretario Xeral do Pleno do Concello que consta no expediente electrónico do orzamento onde se identifican as alegacións presentadas no prazo de exposición pública en relación ao expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2024.

3. Visto o informe emitido con data de 08.03.2024 polo director da área de Administración en contestación ás 41 alegacións presentadas polo persoal municipal en relación ao expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2024.

4. Visto o informe emitido con data de 08.03.2024 polo director da área de Administración en contestación á alegación presentada pola sección sindical da CIG en relación ao expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2024.

5. Visto o informe emitido con data de 08.03.2024 pola directora da área de Urbanismo e Infraestruturas en contestación á alegación presentada pola xunta directiva da Asociación de Veciños Volta do Castro – O Rial en relación ao expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2024.

6. Visto o escrito presentado con data 08.03.2024 pola mercantil <Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU> onde manifesta o seu desestimento a alegación presentada á aprobación inicial do Orzamento municipal o día 04/03/24.

7. Visto o informe emitido con data de 11.03.2024 polo adxunto á dirección de área de Benestar Medioambiental e Servizos en contestación á alegación presentada pola mercantil <Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU> en relación ao

expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2024.

8. Visto o informe-proposta que consta no expediente electrónico do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2024 de Ref. 1/2024, asinado en data 13.03.2024 polo titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, de ASUNTO: **INFORME-PROPOSTA SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2024.**

9. Visto o informe da Intervención Xeral municipal emitido en relación ás alegacións presentadas e os informes emitidos de contestación ás mesmas, sobre o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- En cumprimento do artigo 169.1 do TRLRFL publicouse no BOP nº 31 do 12.02.2024 o anuncio de aprobación inicial do orzamento xeral e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 07.02.2024.

O prazo de exposición pública comezou o 13.02.2024 e rematou o día 04/03/2024. No citado prazo, se presentaron 44 alegacións respecto das que o Pleno dispón dun mes para resolvelas -artigo 169.1 do TRLFL-.

A relación de alegacións presentadas son as seguintes:

Número de anotación	Data rexistro	Remitente
2024011899	28/02/2024	PARRO*AGUIRRE,SUSANA
2024011906	28/02/2024	MEIJIDE*MUNIN,MONTSERRAT
2024011907	28/02/2024	FERNANDEZ*ESCONTRELA,MARIA JOSE
2024011926	28/02/2024	PEREZ*LOPEZ,MARIA SOLEDAD
2024011947	28/02/2024	MORENO*BERGUER,MARIA
2024011954	28/02/2024	FERNANDEZ*NOGUEIRA,CLARA
2024011958	28/02/2024	CABRERA*FONTENLA,MARIA JOSEFA
2024011974	28/02/2024	PARAPAR*LOPEZ,BENIGNO
2024011981	28/02/2024	VAZQUEZ*NAVEIRA,ENRIQUE ANTONIO
2024012013	28/02/2024	OTERO*FERREIRO,ROMAN
2024012021	28/02/2024	FERNANDEZ*GASAMANS,MARIA DOLORES
2024012022	28/02/2024	SANCHEZ*VARELA,MARIA ISABEL
2024012025	28/02/2024	GROBAS*NUÑEZ,SANDRA
2024012027	28/02/2024	PENA*QUINTANS,JUAN LUIS
2024012034	28/02/2024	SOUTO*ERIAS,MARIA DEL PILAR
2024012050	29/02/2024	CASTRO*GIGIREY,MARIA DEL PILAR
2024012052	29/02/2024	CASTRO*GIGIREY,MARIA DEL PILAR
2024012119	29/02/2024	CODESIDO*FUCIÑOS,MARIA DEL CARMEN

Número de anotación	Data rexistro	Remitente
2024012123	29/02/2024	SIMO*BAZO,JUAN ANTONIO
2024012137	29/02/2024	CRUZ DE LA*PEREZ,MARIA DEL CARMEN
2024012147	29/02/2024	MIGUEZ*CASTRO,FRANCISCO JAVIER
2024012153	29/02/2024	REY*GARCIA,ALBERTO
2024012156	29/02/2024	OTERO*ROMERO,MARIA TERESA
2024012169	29/02/2024	CILLERO*MONTES,MONTSEERAT
2024012237	29/02/2024	CAMPOS*SABORIDO,MARIA TERESA
2024012248	29/02/2024	PARDAL*PARDAL,MARIA MANUELA
2024012256	29/02/2024	MIRANDA*RODRIGUEZ,JOSE MANUEL
2024012272	29/02/2024	CASTELO*SANCHEZ,DELIA
2024012276	29/02/2024	NUÑEZ*CACABELOS,MARIA ISABEL
2024012287	29/02/2024	NOVO*MOREIRA,GLORIA MARIA
2024012294	29/02/2024	RIO DEL*MARTINEZ,ALEJANDRA
2024012372	01/03/2024	VARELA*FERNANDEZ,MARIA DEL MAR
2024012421	01/03/2024	REY*SANCHEZ,CARLOS DOMINGO
2024012470	01/03/2024	REY*SANCHEZ,CARLOS DOMINGO
2024012527	01/03/2024	LADO*LOPEZ,ELIZABETH
2024012543	01/03/2024	RIVERA*CAPELO,RICARDO
2024012580	01/03/2024	VARELA*NUÑEL,MANUELA
2024012590	01/03/2024	FREIRE*LOPEZ,SANDRA
2024012690	04/03/2024	CASADO*CASADO,CARME
2024012694	04/03/2024	MUNIN*OTERO,ANGEL
2024012705	04/03/2024	IGLESIAS*VAAMONDE,LIDIA
2024012737	04/03/2024	ASOCIACION DE VECINOS VOLTA DO CASTRO - O RIAL
2024013000	04/03/2024	SANTOS*PAZ,MARIA JOSE
2024013012	04/03/2024	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU

En relación á alegación presentada con data 04/03/2024 pola mercantil <Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU>, indicar que mediante escrito presentado con data 08.03.2024 manifesta o seu desestimento ou renuncia á mesma, polo que non foi obxecto de análise posterior.

Segunda.- No relativo á lexitimación activa para presentar alegacións, o artigo 170.1 do TRLRFL establece que, para estes efectos, teñen a consideración de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, **sindicatos**, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, **cando actúen na defensa dos que lle son propios**.

Terceira.- O TRLRFL prevé unha serie de motivos taxados polos que cabe formular reclamacións contra o orzamento inicialmente aprobado. O artigo 170.2 do TRLRFL dispón que **unicamente poden presentarse reclamacións contra o orzamento:**

- a) Por no terse axustado na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.
- b) Por omitir o crédito preciso para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, ao abeiro de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Concíbese como un sistema de numerus clausus que obstaculiza alegar ou reclamar contra o orzamento por cuestións distintas das citadas.

Cuarta.- Neste sentido, as alegacións presentadas foron remitidas desde a Oficina de Orzamentos aos departamentos de persoal, de Vías e Obras e de Servizos aos efectos de que emitisen informe sobre a lexitimación (art.170.1) dos alegantes e sobre o contido das motivacións alegadas (art.170.2) e, polo tanto, para que se pronunciase sobre a súa estimación ou desestimación.

Quinta.- Como resultado de ditas solicitudes o contido dos informes remitidos á Oficina Orzamentaria, e que constan no expediente do Orzamento, pódense resumir da forma seguinte:

a.- O Adxunto a Dirección de Área de Benestar Medioambiental e Servizos indica literalmente, respecto da alegación presentada por Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, que "...a vista tamén do escrito presentado pola mesma mercantil con data 8 de marzo pasado (2024/014144) no que deixa sen efecto a devandita reclamación, non procede a emisión do informe solicitado".

b.- A Directora de Área de Urbanismo e Infraestruturas indica no seu informe de contestación ao requirido pola Oficina Orzamentaria respecto das alegacións presentadas pola Asociación de Veciños Volta do Castro-O Rial, en síntese, o seguinte:

-Respecto da lexitimación considera que a citada Asociación veciñal está lexitimada para a presentación das alegacións analizadas en aplicación do disposto no art.170.1.c do TRLHL.

-En canto ao contido da alegación da Asociación veciñal manifesta que,

I.- Non consta iniciado ningún procedemento de contratación nin existe ningunha obriga comprometida que determine a esixencia de consignación de crédito orzamentario para ese gasto.

II.-Tampouco existe ningunha sentenza firme a executar, convenio de contido obrigatorio nin negocio xurídico, que determine a esixencia de consignación no orzamento que se somete a información pública e alegacións.

III.- Non concorre así a necesaria condición habilitante para atender ao alegado. A consideración como obrigatoria da prestación de servizos básicos establecida no

artigo 26 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, non leva que esa obriga deba, necesariamente, cumprimentarse nun determinado ano orzamentario nin con carácter prioritario nunha determinada zona. É dicir, non existe precepto legal que determine a obriga para este Concello de desenvolver esa obriga nesa zona concreta fronte a outras, e neste exercicio orzamentario derivado dese precepto legal.

Por outra banda, tal e como se expuxo, non existen actuacións con forza de obrigar á contratación, e polo tanto á dotación orzamentaria.

E finalmente, conclúe manifestando que "...sendo así que a reclamación presentada pola Asociación de Veciños e veciñas Volta do Castro – O Rial contra a aprobación inicial dos Orzamentos Xerais deste Concello para o ano 2024 non se atopa en ningún dos supostos taxados do apartado c letra (b do artigo 170, e procede **declarar a súa inadmisibilidade aos efectos do sinalado no apartado 169 .1**, en concreto, non ten efectos ao respecto de considerar o orzamento definitivamente aprobado transcorridos 15 días de exposición pública trala publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. ou da Comunidade Autónoma".

c.- O Director de Área de Administración, en contestación as alegacións presentadas pola C.I.G., manifesta de forma resumida, o seguinte,

c.1.- Respecto da solicitude de modificar o capítulo I do orzamento de gasto para o ano 2024 aprobado inicialmente para recoller unha partida de produtividade destinada a afrontar os compromisos adquiridos na Disposición transitoria oitava do Acordo regulador, por importe de 598.152,95 euros responde que, "...quen informa, entende que non existe, á luz do teor literal da citada disposición transitoria, ningunha obriga esixible de contemplar unha partida de produtividade que recolla contías sobrantes doutras partidas, e isto polas razóns que a seguir se explicitan:

- O Acordo regulador de condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello, publicado no BOP núm.22, do 3 de febreiro do 2010, recolle no seu capítulo X - Carreira profesional e avaliación do desempeño- a adaptación ao noso entorno da regulación que ao respecto avanzaba a Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público.

Xa daquela indicaba na súa Disposición Transitoria Segunda, terceiro parágrafo, sobre o tratamento do complemento de produtividade semestral, o seguinte:

"Consecuentemente, as partes que concertan este Acordo Colectivo, manifiestan a súa conformidade en que, a partir do ano 2010, os resultados anuais dos procesos de avaliación do desempeño substituirán os criterios vixentes de determinación das contías dos complementos de produtividade que correspondan a cada empregado municipal. Os novos criterios para a determinación das contías individuais anuais que se asignarán a cada empregado/a municipal por este concepto, determinaranse pola Mesa xeral de negociación do Concello".

- Deste xeito, e debido á ausencia de criterios definidos para a avaliación do desempeño, se estiveron mantendo os criterios de determinación do complemento de produtividade ata que se leva a cabo unha modificación do texto do Acordo regulador, en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión do 24 de maio do 2019 (BOP do 11/7/2019), e que dá unha nova redacción ao artigo 12.9.3, indicando:

"Contía do complemento de produtividade para 2019".

A partir do ano 2019, os resultados anuais dos procesos de avaliación do desempeño substituirán aos criterios vixentes de determinación das contías dos complementos de produtividade que correspondan a cada empregado/a municipal. Os novos criterios para a determinación das contías individuais anuais que se asignarán a cada empregado/a municipal por este concepto determinaranse polo Regulamento de carreira profesional e avaliación do desempeño que deberá aprobar o Pleno da Corporación previa negociación no ámbito da Mesa Xeral de Negociación do Concello.

- Tamén se dá coa modificación unha nova redacción ao artigo 10.3, relativo á carreira horizontal, recollendo un novo réxime transitorio dos graos de carreira, e uns criterios de avaliación do desempeño a ter en conta neste réxime transitorio, con prazos e contías a percibir por cada un dos graos de carreira que se definen.

Así, e polo que se refire a este apartado da reclamación, **non existe ningunha obriga esixible á entidade local de dotar de crédito necesario para cumprir o contido da Disposición transitoria oitava do Acordo regulador.**

c.2.- En canto a solicitude de modificar o anexo de persoal para equiparar os niveis de complemento de destino e específico dos postos de traballo do persoal de novo ingreso informa o seguinte,

No que respecta á aplicación das retribucións complementarias de cada praza ou posto no capítulo I do orzamento, o que fai o orzamento aprobado inicialmente é aplicar, unha vez instaurado o réxime excepcional de carreira, os mesmo complementos de destino e específico a prazas da mesma denominación, o que obviamente tense que reflectir na necesaria posterior modificación da relación de postos de traballo, apartado que se estudará máis adiante.

Finalmente, e en canto ao capítulo I do orzamento, e á reclamación que ten que ver coa asignación do nivel 20 de entrada ao subgrupo 2 do grupo A, porque entende que o nivel de entrada debe ser igual que o do subgrupo 1 do mesmo grupo, dado que a titulación que se esixe para o acceso é a mesma, cómpre opoñer que aínda que a titulación de grao serve para o acceso aos dous subgrupos do grupo A, tal e como indica o artigo 76 do TREBEP, a clasificación dos corpos ou escalas en cada subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade, das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso, e se estes niveis son distintos dun a outro subgrupo, lóxicamente o nivel de entrada ten que selo, pois non se poden tratar de igual modo situacións de entrada diferentes.

c.3.- Respecto da alegación de incluír como anexo ao cadro a relación de postos de traballo, concretando os niveis de cada posto e os específicos correspondentes, as prazas obxecto de funcionarización, as funcións dos postos singularizados...informa, que a xuízo de quen informa, o cadro de persoal ou plantilla aprobado inicialmente, pouco ou nada ten que ver coas materias relacionadas no apartado primeiro do artigo 37 citado, e si coa previsión que recolle o apartado segundo, parcialmente transcrito, cando fala de que quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación as decisión das administracións públicas que afecten ás súas potestades de organización.

Débese ter en conta que a plantilla orgánica municipal, ou o cadro de persoal, é un instrumento de ordenación ou organización do persoal que en si mesmo se presenta como unha típica manifestación da potestade organizativo do Concello, a confeccionar anualmente, a través do orzamento, segundo o artigo 90 da Lei 7/1985, reguladora

das bases de réxime local, e artigo 126 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, instrumento organizativo que non se inclúe entre as materias que por imperativo legal están suxeitas a negociación sindical a través da Mesa.

Non obstante, seguindo a práctica desta administración municipal, e en previsión de que as consecuencias das decisións do Concello dentro das súas potestades de organización tiveran repercusión sobre as condicións de traballo do persoal empregado municipal, sometéronse as propostas de modificación a negociación da Mesa Xeral de Negociación, cun resultado que non ten carácter vinculante. Á parte disto, non cabería negociación en canto a todos os extremos do cadro, senón unicamente daqueles que puideran afectar ás materias contidas no artigo 37, e sempre e cando non estiveran integradas no compoñente estatutario unilateralmente prefixado con carácter vinculante (así, o incremento retributivo anual fixado na Lei de orzamentos do Estado).

Respecto desta alegación estima que **“...rexéitase a pretensión formulada pola sección sindical na súa reclamación de que a RPT acompañe ao cadro de persoal ou plantilla**, porque primeiramente é un órgano municipal distinto o que aproba o cadro de persoal (Pleno da Corporación) e o que aproba a RPT (Xunta de Goberno Local), e en segundo lugar porque **a RPT depende da dotación orzamentaria contemplada no anexo I do orzamento**, e se o orzamento non recolle tal dotación, dificilmente se pode proceder á modificación da RPT.

A última parte do informe do Director de Área de Administración a dedica a explicar as diferencias existentes entre o Anexo de Persoal (Cadro de Persoal) e a relación de Postos de Traballo (R.P.T.) como figuras claves da xestión de persoal.

E como conclusión xeral do seu informe expresa que “..De conformidade co exposto con anterioridade, e a solicitude da Oficina Orzamentaria, **infórmase desfavorablemente e non procede a admisión a trámite** a reclamación contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral e do cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2024, presentada pola sección sindical da Confederación Intersindical Galega, por non ter encaixe en ningún dos apartados do artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”.

Indicar que non se aprecia referencia no informe do Director de Área de Administración sobre a lexitimidade da C.I.G. para formular as alegacións informadas segundo o contido do art.170.1, pero da revisión do seu contido, concretamente do art.170.1.c podemos derivar a existencia de tal lexitimidade da C.I.G.

d.- O Director de Área de Administración, en contestación as alegacións presentadas por 41 empregados municipais, manifesta de forma resumida, o seguinte,

- Despois de analizar a doutrina xurisprudencial e do Tribunal Constitucional sobre a lexitimidade para recorrer indicando que” E é que ao lado da lexitimación xenérica, **existe una lexitimación “ad causam”, que é a que se identifica coa cuestión de fondo que se formula no concreto procedemento**, onde non é suficiente nin o mero interese pola legalidade (excepto casos moi limitados nos que se admite a acción popular) **nin un interese fronte a agravios potenciais ou de futuro** (SsTC 60/1982; 62/1983; 257/1988; 97/1991; 60/2001; 203/2002; 10/2003; 173/2004, 73/2006;

139/2010 ou 188/2012, así como STS de 22/2/1986; 3/1/1990; 22/6/1994; 26/7/1996; 15/9/1997; 30/1/01; 24/5/06; ou 3/7/07; ou a STSJ Galicia de 21/7/09).

Polo tanto, o problema da lexitimación ten un carácter casuístico, o que non permite unha proposta indiferenciada para todos os casos, sendo preciso examinar en cada un deles o concreto interese lexítimo que xustifique a lexitimación, incumbindo a súa alegación e proba a quen a pretenda (STS de 30/1/2001; 26/11/02; 23/5/03; 21/11/05; 3/11/05; 14/12/05 e 11/4/06).

Tamén o Tribunal Constitucional descende ao exame minucioso da concorrencia de lexitimación, e por ende do interese, na paradigmática sentenza 102/2009, do 27 de abril-EDJ 2009/72108, e define en repetidas sentenzas que é o que debe entenderse por interese lexítimo. O Tribunal Constitucional en sentenza 73/2006, do 13 de marzo, resumiu a doutrina constitucional ó afirmar que *“el interés legítimo en lo contencioso administrativo se caracteriza como una relación material unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto o disposición impugnados) de tal forma que su anulación automáticamente un efecto positivo (beneficio) o negativo (perjuicio) actual o futuro pero cierto, debiendo entenderse tal relación referida a un interés en sentido propio, cualificado y específico actual y real (no potencial o hipotético). Más sencillamente -añade-, se trata de la titularidad potencial de una ventaja o de una utilidad jurídica, no necesariamente de contenido patrimonial, por parte de quien ejercita la pretensión, que se materializa de prosperar ésta. O lo que es lo mismo, el interés legítimo es cualquier ventaja o utilidad jurídica derivada de la reparación pretendida. Luego, para que exista interés legítimo, la resolución impugnada (o la inactividad denunciada), debe repercutir de manera clara y suficiente en la esfera jurídica de quien acude al proceso”*. Esta doutrina tense repetido na xurisprudencia do Tribunal Supremo nos últimos 40 anos.

.....

En resumo, o que se traduce das reclamación presentadas é un hipotético interese fronte a un agravio potencial ou de futuro, que non é o que ampara a xurisprudencia para estimar a concorrencia de lexitimación. Senso contrario, lles correspondería ás persoas reclamantes acreditar fehacientemente que os seus intereses resultan afectados, e dende logo os argumentos alegados para fundamentar as súas reclamación non encaixan nin nos motivos taxados establecidos no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, nin deles se deriva que poidan sentir un prexuízo certo ou unha falta de beneficio pola aprobación do orzamento.

E conclúe o Director de Área manifestando que “De conformidade co exposto con anterioridade, e a solicitude da Oficina Orzamentaria, **infórmanse desfavorablemente e non procede a admisión a trámite das 41 reclamacións** contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral e do cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2024 presentadas polas persoas empregadas municipais que logo se relacionan, por non concorrer nas persoas reclamantes a presenza de interese directo e lexítimo que se infire do contido do artigo 170.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”.

Sexta.- De acordo co establecido no art.169.1 do TRLHL e no art.20.1 do RD 500/1990, de 20 de abril, o Pleno Municipal dispón dun prazo dun mes dende o día seguinte a finalización do prazo de exposición pública do orzamento inicialmente aprobado.

Sétima.- Á vista dos informes técnicos recalados que constan no expediente de tramitación do orzamento do exercicio 2024 a proposta que procede elevar ao Pleno Municipal e de desestimación das alegacións efectuadas polos motivos sinalados nos correspondentes informes en aplicación da normativa citada, especialmente o art.170 do TRLHL, e que en consecuencia se determine a aprobación definitiva do Orzamento e o Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de Veciños Volta do Castro-O Rial, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación presentada pola sección sindical da CIG, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Desestimar as 39 alegacións presentadas polo persoal municipal, por non concorrer nas persoas reclamantes a presenza de interese directo e lexítimo que se infire do contido do artigo 170.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2024 da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

SEXTO.- Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2024.

SÉTIMO.- Considéranse anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do Concello 2023 prorrogado para 2024 que se relacionan no listado anexo 0 que se incorpora no Informe Económico Financeiro, modificado no expediente en data de 25.01.2024. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2022 (artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos).

OITAVO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran, e entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado no artigo precitado e surtirá efectos desde o un de xaneiro.

NOVENO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

DÉCIMO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.”

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas na súa sesión extraordinaria urxente do pasado día 15 de marzo, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de Veciños Volta do Castro-O Rial, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación presentada pola sección sindical da CIG, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Desestimar as 39 alegacións presentadas polo persoal municipal, por non concorrer nas persoas reclamantes a presenza de interese directo e lexítimo que se infire do contido do artigo 170.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA)

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2024 da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

SEXTO.- Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2024.

SÉTIMO.- Considéranse anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do Concello 2023 prorrogado para 2024 que se relacionan no listado anexo 0 que se incorpora no Informe Económico Financeiro, modificado no expediente en data de 25.01.2024. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2022 (artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos).

OITAVO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran, e entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado no artigo precitado e surtirá efectos desde o un de xaneiro.

NOVENO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

DÉCIMO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO CENTRO DE ATENCIÓN POLIVALENTE E INTERXERACIONAL DE COMPOSTELA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“Exposición de motivos

Na actualidade, o envellecemento da poboación é un dos fenómenos máis importantes que se está levando a cabo a nivel global, según a OMS.

Nos países considerados como máis desenvolto, a taxa de persoas maiores de 65 anos xa se atopa no 19% do total da poboación, debido ao aumento da esperanza de vida. A realidade do noso Concello supera, con moito, este umbral.

Unha realidade que fundamenta a necesidade da creación e de fomento de servizos para as persoas maiores.

O 23,55% da poboación de Compostela ten unha idade igual ou superior aos 65 anos. Estamos falando de aproximadamente unha cuarta parte da súa poboación.

Se o envellecemento poboacional é máis que evidente en Compostela, máis relevante é aínda a realidade social do ámbito territorial e social do Ensanche, onde a porcentaxe de persoa maiores está ao redor do 30%.

Resulta pois de capital importancia reforzar os recursos públicos dirixidos á poboación maior, situados en zonas de doado acceso e ben comunicadas.

Compostela precisa avanzar neste eido con recursos específicos que impulsan as políticas sociais de atención á veciñanza, que se adecúen á realidade social, que escoite as demandas, que converta ás persoas en protagonistas das súas propias vidas, que rentabilice a “voz da experiencia” e que converta a participación social na ferramenta básica para o benestar e mellora na calidade de vida.

No ano 2020, nun contexto de emerxencia por pandemia ao goberno municipal liderado polo alcalde, Sánchez Bugallo, preocupoulle máis que nunca o benestar dos maiores, hoxe isto non debe obviarse senón que debe converterse na máxima

prioridade.

Para nós, xa nese momento, resultou necesaria a creación dun centro para a organización de actividades, para o fomento da convivencia e da dinámica relacional e de apoio comunitario ás persoas maiores de Compostela, atendendo especialmente a aquelas nas que concorre calquera factor de vulnerabilidade social engadido.

Por iso, plantexamos a creación dun centro social polivalente, de carácter público e dinámico, onde se presten servizos específicos e se realicen actividades que teñan como fin a mellora da calidade de vida das persoas maiores mediante:

- A prevención do deterioro psico-físico.

- A promoción da convivencia, solidariedade e axuda mutua propiciando a participación e a integración social, así como o desenvolvemento sociocultural e a ocupación do tempo libre.

Un centro que debe ter un enfoque participativo, recollendo as demandas vencelladas a este colectivo poboacional, sen prexuízo de que podemos concordar en sumar a perspectiva interxeracional que se propón agora.

No ano 2023, o goberno municipal socialista, despois de diversas xuntanzas cos responsables da Tesourería Xeral da Seguridade Social, consegue que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións ceda durante 25 anos, de forma gratuíta, a súa sede na rúa San Pedro de Mezonzo, no Ensanche compostelán. Dous baixos que suman 1.618 metros cadrados. Este convenio foi aprobado pola Xunta de Goberno de 17 de abril de 2023.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para á súa aprobación a seguinte

RESOLUCIÓN:

1.- Que o goberno municipal inicie o procedemento para a redacción e aprobación do regulamento de uso do centro de atención polivalente e interxeracional de Compostela.

2.- Que o goberno municipal impulse a redacción do proxecto de acondicionamento do centro e proceda á licitación da obra á maior brevidade posible.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (6 PSdeG-PSOE e 11 PP) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda:

1.- Que o Goberno municipal inicie o procedemento para a redacción e aprobación do regulamento de uso do centro de atención polivalente e interxeracional de Compostela.

2.- Que o Goberno municipal impulse a redacción do proxecto de acondicionamento do centro e proceda á licitación da obra á maior brevidade posible.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

RELATIVA Á EXTENSIÓN DA ZONA ORA ÁS RÚAS DE SANTA MARTA PARA MELLORAR A MOBILIDADE NA CONTORNA DO CHUS.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, aoabeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte PROPOSICIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 6 de marzo entrou en vigor a nova zona ORA nas rúas adxacentes ao Hospital Clínico compostelán, no barrio de Santa Marta. Concretamente, as rúas afectadas foron a Av. de Barcelona, a rúa de Antonio Rama, rúa Manuel Caeiro, Av. de Bilbao, rúa Sempre en Galicia e a rúa Valentín Varela Iglesias.

A súa entrada en vigor foi precedida de algo máis de unha semana na que as liñas das prazas xa foron marcadas de azul e iniciouse unha campaña informativa sen sancións. Recoñecendo a boa disposición na transición da zonabranca á zona azul e, incluso, a efectividade da medida á hora de eliminar os vehículos ventosa -de estacionamento de longa duración- nas propias rúas, as dúbidas fanse máis que evidentes á hora de analizar a efectividade desta acción á hora de mellorar a mobilidade no contorno do CHUS ou facilitar o aparcamento de vehículos de pacientes e usuarios do propio hospital. O obxectivo co que, inicialmente, se vendeu esta medida.

Dáse a situación, advertida por usuarios, veciños e profesionais do propio centro, de que algunhas persoas que viven nas rúas afectadas pola extensión da zona azul, están a estacionar o seu vehículo, xa non nas rúas, como facían antes; senón no propio aparcadoiro do centro hospitalario. Unha casuística que afecta, sobre todo, na zona de consultas externas, a máis próxima ás vivendas de Santa Marta tinguidas de azul.

Así, estase dando un efecto, seguramente non desexado cando se presentou a medida -tampouco estudado nin previsto, a pesar de ser previsible-, de traslado de eses vehículos ventosa que, efectivamente retíranse das rúas de Santa Marta, pero pasan a ocupar as prazas do propio parking do CHUS, empeorando, máis aínda, a situación xa precaria de este aparcadoiro.

Como é sabido, a mobilidade no interior do recinto do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, propiedade do SERGAS, é responsabilidade da Xunta de Galicia. Polo tanto, a ordenación do tráfico ou a distribución en zonas para persoas usuarias e persoal son da súa competencia. Así, a solución pasaría, ademais de pola creación dun aparcadoiro dimensionado para dar servizo a un equipamento sanitario de ámbito supramunicipal, como xa foi solicitado pola maioría absoluta do pleno da Corporación Municipal en novembro de 2023.

Tamén por ofrecer unha alternativa de transporte colectivo ás persoas empregadas no centro, así como por abordar a ordenación urbanística da contorna para resolver os problemas de accesibilidade e mobilidade na zona, favorecendo á integración do complexo hospitalario á trama urbana. En definitiva, a solución debe abordarse de xeito global.

Parece evidente que, poñer a zona azul non elimina os vehículos ventosa, os traslada. E trasladar o problema ao parking do CHUS non fai máis que empeorar unha situación

previamente precaria onde xa había, segundo o estudo de mobilidade da Xunta de Galicia, un importante número de vehículos de aparcamento de longa duración.

Polo tanto, impulsar unha medida de control de estacionamento nas rúas de Santa Marta sen resolver previamente os outros aspectos que condicionan a mobilidade no CHUS -aparcadoiro, transporte colectivo e accesos-, non está a resultar efectivo para mellorar a xestión do tráfico e aparcamento na zona. Aínda que puidera entenderse a vontade de actuación por parte da administración local, toda vez que a autonómica, continúa a facer deixadez de funcións nun intento de envorcar no Concello a súa competencia de ofrecer solucións de mobilidade nun equipamento sanitario que empregan máis de 450.000 galegos e galegas de 46 concellos diferentes, algúns fóra da provincia de A Coruña.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**

1. Instar ao goberno local a rectificar e suprimir a zona ORA en Santa Marta mentres non exista acordo entre Concello e Xunta de Galicia para ofrecer unha solución de mobilidade global no entorno do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

2. Instar ao goberno local a proseguir, nese período, nas negociacións coa Xunta para que esta asuma as súas competencias construíndo un aparcadoiro dimensionado acorde ás necesidades dun equipamento sanitario de ámbito supramunicipal, e adopte as medidas máis axeitadas para abordar a mobilidade na zona de xeito global.”

Á presente proposición presentaron emendas os grupos municipais do BNG e CA (conxunta) e o PP, que non foron aceptadas.

Esta proposición foi debatida conxuntamente coa moción núm. 3 presentada polo PP. Estando fixadas e sendo idénticas as posicións de voto, votáanse conxuntamente a presente proposición e a moción sinalada.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (6 PSdeG-PSOE e 11 PP) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda:

1. Instar ao Goberno local a rectificar e suprimir a zona ORA en Santa Marta mentres non exista acordo entre Concello e Xunta de Galicia para ofrecer unha solución de mobilidade global no entorno do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

2. Instar ao Goberno local a proseguir, nese período, nas negociacións coa Xunta para que esta asuma as súas competencias construíndo un aparcadoiro dimensionado acorde ás necesidades dun equipamento sanitario de ámbito supramunicipal, e adopte as medidas máis axeitadas para abordar a mobilidade na zona de xeito global.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA DESENVOLVER UN PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) reflicte que a saúde mental é un estado de benestar, determinada por unha complexa interacción de factores de estrés e vulnerabilidade individuais, sociais e estruturais. Permite ás persoas facer fronte aos momentos de estrés da vida, desenvolver todas as súas habilidades, poder aprender e traballar adecuadamente e contribuír á mellora da súa comunidade. É parte fundamental da saúde e o benestar que sustenta as nosas capacidades individuais e colectivas para tomar decisións, establecer relacións e dar forma ao mundo no que vivimos. A saúde mental é, ademais, un dereito humano fundamental. E un elemento esencial para o desenvolvemento persoal, comunitario e socioeconómico.

Segundo a Confederación Saúde Mental España, os problemas de saúde mental serán a principal causa de discapacidade no mundo en 2030. Unha de cada catro persoas terá un trastorno mental ao longo da súa vida. O 12,5 % de todos os problemas de saúde está representado polos trastornos mentais, unha cifra maior ao do cancro e os problemas cardiovasculares. O 50 % dos problemas de saúde mental en adultos comezan antes dos 14 anos e o 75 % antes dos 18.

De conformidade co Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-2019 estímase que un 20% da poboación que vive en sociedades industrializadas experimentará algún trastorno mental ao longo da súa vida, e que o 80% restante coñecerá en familiares ou amigos, así como que as persoas con trastornos mentais presentan taxas desproporcionadamente elevadas de discapacidade e mortalidade.

Segundo o Informe Anual do Sistema Nacional de Saúde 2022 o 37 % da poboación padece algún problema de saúde mental, aumentando ao 50 % no grupo de idade de 75 ou máis anos. Os problemas de saúde mental máis frecuentes entre a poboación en xeral son a ansiedade, o insomnio e a depresión, e entre os menores de 25 anos, a ansiedade, a aprendizaxe e a hipercinesia.

No contexto social actual existe un preocupante incremento dos trastornos mentais, polo que é necesario que o Concello de Santiago poña o foco nesta problemática a través dun Plan Municipal de Saúde Mental como instrumento para afrontar esta situación e incidir na mellora da calidade de vida das veciñas e veciños composteláns.

Polo exposto, desde o Partido Popular propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar cumprimento ao acordo plenario do 30 de novembro de 2022 referente a desenvolver un Plan Municipal de Saúde Mental.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a dar cumprimento ao acordo plenario do 30 de novembro de 2022 referente a desenvolver un Plan Municipal de Saúde Mental.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA SOLICITAR QUE SANTIAGO DE COMPOSTELA SE POSTULE PARA SER A SEDE DA CONVENCIÓN DE TURESPAÑA 2025.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención Turespaña é un evento anual concibido como un espazo para o encontro do sector turístico público e privado, para o intercambio de información e boas prácticas así como para a reflexión conxunta arredor do desenvolvemento turístico de España, dos seus destinos e empresas.

A Convención persegue, tamén, mellorar a eficacia e o alcance da acción de Turespaña a través da coordinación e colaboración con destinos e empresas do sector.

Nas últimas edicións, as cidades sede da Convención de Turespaña foron Sevilla 2021, Barcelona 2022 e San Sebastián 2023, polo que cremos que Santiago de Compostela debería postularse como candidata para albergar futuras edicións.

O ano pasado a convocatoria do Instituto de Turismo de España foi publicada no mes de marzo e o prazo de presentación de solicitudes rematou no mes de xuño.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Que Santiago de Compostela se postule como candidata para a vindeira edición da Convención de Turespaña 2025 xa que a elección da nosa cidade como sede da convención, suporá outorgarlle aínda máis protagonismo ao noso destino, darlle maior visibilidade entre os profesionais do sector e os propios conselleiros de Turespaña no exterior, ademais dun importante impacto económico.”

Á presente proposición presentaron emenda conxunta os grupos municipais do BNG e de CA de substitución do acordo, co seguinte contido:

“Estudárase que Santiago de Compostela se postule como candidata para a vindeira edición da Convención de Turespaña 2025.”

Rematado o debate e tras ser aceptada a emenda presentada, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que se estudará que Santiago de Compostela se postule como candidata para a vindeira edición da Convención de Turespaña 2025.

7. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00013697N.
TOMAR COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS
CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas do período comprendido entre o 23 de febreiro e o 7 de marzo de 2024, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén toma coñecemento das seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

ASUNTO XGL/2024/00009203A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 22 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00009851F

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00010531C

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00010813A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de febreiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00011103V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de marzo de 2024.

8. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

1. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao perigo de derruba do muro da rúa Belvís.
2. Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao estado da rúa Lisboa en Fontiñas.
3. Formulado polo PSdeG-PSOE sobre o proceso de estabilización.

Preguntas orais:

1. Formulada polo PP sobre o nivel de colaboración do concello coa Semana Santa.
2. Formula polo PP sobre a situación da obra de rehabilitación do complexo deportivo de Vite.
3. Formulada polo PP sobre os fallos na xestión do cobro do servizo de comedor e madrugadores.
4. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa a execución do proxecto de renaturalización entre Sar e Sarela.
5. Formulada polo PSdeG-PSOE sobre o servizo de conservación, reparación, reforma ou ampliación de edificios e instalacións municipais.
6. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa á execución do plan de sostibilidade turística.

Despois do debate da pregunta núm. 3 faise un receso das 11:52 ás 12.30 horas.

9. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

As mocións presentadas e os acordos adoptados transcríbense a continuación.

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A DEFINICIÓN DA VIVENDA BALEIRA NA LEXISLACIÓN AUTONÓMICA.

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como xa todos sabemos, en moitos concellos de Galicia (sobre todo nos máis poboados) temos un serio problema de acceso a vivenda a prezos razoables para a poboación demandante deste dereito recollido no nosa constitución.

Un dos problemas máis urxentes en materia de vivenda que ten Santiago de Compostela e as máis de 6 mil vivendas baleiras, segundo os datos do INE de 2021. Que Galicia sega sen ter unha norma que defina o que é a vivenda baleira, imposibilita que os concellos que así o queiran apliquen medidas dirixidas a fomentar o seu

aproveitamento.

Malia a existencia de todas estas vivendas baleiras en Santiago de Compostela, moitas persoas que traballan ou estudan no municipio necesitan buscar alternativas habitacións noutros concellos. Neste contexto, e urxente incorporar na Lei de vivenda de Galicia unha definición de vivenda baleira que lle permita ao Concello de Santiago de Compostela desenvolver un plan para a dinamización do parque inmobiliario desocupado.

Dende o ámbito local debemos continuar apostando polas políticas de vivenda con novas propostas que busquen solucións aos diferentes problemas que está a padecer a nosa sociedade neste ámbito. As administracións públicas debemos garantir sempre unha vivenda digna e de calidade.

Noutras CCAA, como por exemplo o País Vasco, xa avanzaron na definición do que entende a súa administración como vivenda baleira. Na lei vasca de vivenda do ano 2015 defínese como “aquella vivienda que permanezca desocupada de forma continuada durante un tiempo superior a dos años, salvo que concurra motivo que justifique su no utilización en los términos previstos en esta ley y en su normativa de desarrollo”. Unha definición xurídica que permite tanto a administración autonómica como a local levar a cabo políticas activas de vivenda que busquen mobilizar as vivendas baleiras cara o mercado de aluguer.

Como todos sabemos a Lei de vivenda estatal, a primeira lei da nosa democracia nesta ámbito aprobada o ano pasado, tampouco entra na definición deste termo, xa que as competencias en materia de vivendas son das Comunidades Autónomas. O que si fai nesta lei é cumprir co principio colaboración e cooperación, e transparencia entre administración co fin de conformar un sistema de información y xestión global que ofrezca información sobre o uso e o destino do parque de vivendas de cada territorio.

Debemos sinalar, que na reunión mantida pola alcaldesa de Santiago e o Presidente da Xunta de Galicia o pasado mes de outubro, comunicouse o compromiso de incluír na lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos de unha proposta técnica de definición do concepto de vivenda baleira. Compromiso, que evidentemente non se cumpriu.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **acordo**:

O Concello de Santiago insta a Xunta de Galicia a modificar a Lei 8/2012 de vivenda de Galicia para incorporar a definición de vivenda baleira, así como o desenvolvemento a posterior dunha normativa autonómica que desenvolva a regulación necesaria para levar a cabo dita declaración.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA), e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda instar á Xunta de Galicia a modificar a Lei 8/2012 de vivenda de Galicia para incorporar a definición de vivenda baleira, así como o desenvolvemento a posterior dunha normativa autonómica que desenvolva a regulación necesaria para levar a cabo dita declaración.

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A PROMOCIÓN DO SECTOR DA OURIVERÍA EN COMPOSTELA.

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ourivería en Santiago de Compostela forma parte inherente da rica historia artesanal e cultural da cidade. Unha tradición que se refire á arte de traballar con metais preciosos, como é o ouro ou a prata, para crear obxectos fundamentalmente de carácter ornamental pero tamén funcionais, sobre todo na Idade Media, debido á súa durabilidade.

No caso de Compostela, como un dos destinos máis importantes de peregrinación, foi -e segue sendo- un centro de arte sacro e tradicións relixiosas. A ourivería desenvolveuse neste contexto, con obras de arte que non só teñen un valor estético, senón tamén un profundo significado relixioso e cultural para aqueles que as encargan e as empregan.

Co tempo, a ourivería tense convertido nunha parte importante da identidade cultural de Compostela, transmitida de xeración en xeración a través das familias que conservaron o facer daqueles primeiros artesáns que comezaron facendo cruces, relicarios, cálices e custodias para satisfacer as demandas de peregrinos e igrexa.

Hoxe a ourivería é un sector con tradición, con presente e futuro e ao que hai que darlle apoio para crear máis economía, conseguindo que un oficio milenario como este teña continuidade: a nosa cidade, a nosa concepción de Compostela, pasa por un Santiago asentado na tradición e, ao mesmo tempo, que poida facer produtos de vangarda e de referencia a nivel mundial.

Con ese espírito no 2019 presentouse o Plan Estratéxico da Ourivería de Santiago que supuxo a planificación dun programa ambicioso e eficaz co obxectivo de revitalizar o tecido artesanal e comercial deste oficio artesanal, así como para o deseño de iniciativas que favorecesen á posta en valor do seu peso histórico ligado non só á identidade da cidade, senón tamén do Camiño Xacobeo e de toda Galicia.

Un Plan co que se buscaba tamén axuntar esforzos, constituíndose unha Comisión de Seguimento en febreiro de 2020, presidida polo entón alcalde do Concello de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e integrada por representantes da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, USC e a Asociación Ourives de Compostela.

No marco de devandito plan impulsáronse diferentes accións con esa misión orixinal de promoción do tradicional oficio da ourivería, entre elas, a exposición ‘O Esplendor do Camiño. Oito séculos de Pratería e Acibeques en Compostela’, sufragada polo Concello e que recibiu 100.000 visitas entre os meses de xullo e setembro do 2022 na Igrexa da Universidade e no Colexio de Fonseca. Algo que proba o interese e curiosidade que existente e que esperta a ourivería e que, puidera levarnos a estudar a creación dun museo permanente que resignifique o tradicional oficio dos metais.

Tamén isto proba a utilidade do Plan, así como da Comisión de Seguimento como soporte para a súa implantación, malia non terse convocado ningunha reunión da mesma desde o inicio de mandato.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Instar ao goberno local a convocar, coa maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do Plan Estratéxico da Ourivería.
2. Iniciar os traballos para a creación dun Museo da Ourivería de Compostela de xeito permanente, onde o Concello de Santiago adopte unha posición de liderado para concitar o apoio de outras administracións destacando o valor deste oficio artesanal desde a súa vertente económica e cultural.”

Á presente moción presentaron emendas o BNG e CA (conxunta) e PP, que non foron aceptadas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Instar ao Goberno local a convocar, coa maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do Plan Estratéxico da Ourivería.
2. Iniciar os traballos para a creación dun Museo da Ourivería de Compostela de xeito permanente, onde o Concello de Santiago adopte unha posición de liderado para concitar o apoio de outras administracións destacando o valor deste oficio artesanal desde a súa vertente económica e cultural.

“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A ELIMINACIÓN DA ZONA ORA CREADA RECENTEMENTE NA CONTORNA DO CHUS (COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).

A implantación do sistema da ORA na contorna do CHUS leva xerando, desde hai unha semana, diferentes críticas por parte da veciñanza, así como dos propios traballadores e usuarios deste recinto, que ven a medida como unha medida claramente recadatoria.

Ademáis esta medida implementouse cunha serie de fallos nos parquímetros, erros na APP móbil de pago da ORA; e, a maiores, había unha clara falta de planificación, improvisación ao implantar esta medida.

Unha vez deron comezo as sancións, veciñanza, traballadores e usuarios do CHUS veñen observando como as prazas da zona azul quedan baleiras, o que supón un agravamento do problema de circulación na zona e un aumento de vehículos aparcados no interior do recinto hospitalario.

Os usuarios, ben por descoñecemento, ou polo medo de ser sancionados, no caso de non poder renovar o tícket, ao estar sendo atendidos nas instalacións sanitarias, ou por non pagar este tarifazo, tratan de aparcar dentro do propio ámbito do Hospital. A esta situación súmanse as queixas da propia veciñanza que, a pesar de pagar os seus impostos municipais, ven como o Goberno do BNG lles quita zonas de aparcamento e os obriga a buscarse a vida todos os días.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Que o goberno municipal suprima a zona ORA das inmediacións do CHUS atendendo así as queixas da propia veciñanza e usuarios do Hospital Clínico Universitario, así

como para evitar ese aumento nos problemas de mobilidade, tráfico e aparcamento dentro do recinto hospitalario.”

Debateuse e votouse conxuntamente coa proposición núm. 4 do PSdeG-PSOE.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (6 PSdeG-PSOE e 11 PP) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda:

Que o Goberno municipal suprima a zona ORA das inmediacións do CHUS atendendo así as queixas da propia veciñanza e usuarios do Hospital Clínico Universitario, así como para evitar ese aumento nos problemas de mobilidade, tráfico e aparcamento dentro do recinto hospitalario.

“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA TRANSPARENTAR OS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE EMERXENCIA REALIZADOS DURANTE A PANDEMIA DO COVID-19.

Un informe do Consello de Contas que analiza a contratación das entidades locais en 2019 e 2020, co foco na pandemia, reflicte que no ano máis cru da covid-19 comunicáronse a través da Plataforma de Rendición de Contas das entidades locais 161 contratos de emerxencia. Deses contratos a metade deles, 85, cun monto que supera 1 millón de euros, proceden do Concello de Santiago e en ningún deles consta a xustificación de emerxencia.

Ademais, o órgano fiscalizador incide en que 24 dos 85 (cuxo prezo total de licitación supera os 300.000 euros) non figuran publicados no seu perfil do contratante, polo que tampouco consta xustificación do procedemento, obxecto, prezo de adxudicación nin identidade do contratista.

Contas tamén realiza unha comprobación da capacidade de contratar dos adxudicatarios en relación co obxecto do contrato; e da análise realizada despréndese que sete dos adxudicatarios correspóndense con persoas físicas, polo que "non se puido verificar a súa capacidade de contratar segundo o obxecto do contrato".

Respecto diso, o órgano fiscalizador apunta, por exemplo, que un contrato do Concello de Santiago foi adxudicado a unha sociedade --Ranebe 2003, S.L.-- cun obxecto social, segundo o Rexistro Mercantil, de "administración de valores mobiliarios e participacións propiedade da sociedade, e construción e promoción de vivendas", que "non garda relación co obxecto do contrato que consiste en subministración de 10.000 máscaras cirúrxicas".

Tamén menciona o informe un contrato de subministración do Concello compostelán que foi adxudicado á Asociación empresarial do Tambre. Apunta o órgano fiscalizador que esta non ten obrigación de figurar inscrita no Rexistro Mercantil, "aínda que a subministración de 4.000 máscaras non parece estar no seu fin".

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

O Pleno insta ao Goberno municipal a que realice unha auditoría dos expedientes de contratación de emerxencia tramitados durante a covid-19 e que aparecen sinalados con irregularidades no informe do Consello de Contas publicado recentemente.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, e 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) rexeita a presente moción.

“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA CREACIÓN DUN MARKETPLACE LOCAL COMO FERRAMENTA DE APOIO AO COMERCIO LOCAL.

A importancia do comercio local e a aportación que fai á economía da nosa cidade é coñecida por todos, tamén así os desafíos aos que ten que facer fronte: altos custos dos alugueiros, a competencia das grandes superficies ou o cambio nos hábitos de consumo, con un claro aumento das vendas online.

Estes desafíos teñen impactado negativamente na viabilidade e prosperidade dos negocios locais, poñendo moitas veces en risco a diversidade e autenticidade da oferta comercial da cidade.

Poder superar as dificultades que a nova realidade comercial presenta, pasa precisamente por adaptarse a ela, facer uso das novas tecnoloxías para xerar novas oportunidades de negocio.

É fundamental, como dicimos, que os comercios fagan uso das novas ferramentas, por exemplo, integrándose en plataformas dixitais como as MarketPlace. Estas plataformas non só permiten chegar a un maior número de clientes senón tamén que os clientes habituais teñan un acceso máis rápido e sinxelo aos produtos das súas tendas de referencia.

Un Marketplace local é unha plataforma online que conecta aos consumidores dunha zona específica cos comerciantes cercanos, fomentando así o consumo local. A creación desta plataforma será unha ferramenta estratéxica para a promoción do comercio de proximidade.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Instamos ao Goberno Local a adoptar as medidas necesarias para levar a cabo a implementación dun Marketplace do comercio local de Santiago de Compostela, que inclúa a formación necesaria para todos os comerciantes e a correspondente campaña de publicidade para difundir esta ferramenta e mostrar os seus beneficios para o comercio da cidade.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 14 abstencións correspondentes aos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE), acorda instar ao Goberno Local a adoptar as medidas necesarias para levar a cabo a implementación dun Marketplace do comercio local de Santiago de Compostela, que inclúa a formación necesaria para todos os comerciantes e a correspondente campaña de publicidade para difundir esta ferramenta e mostrar os seus beneficios para o comercio da cidade.

“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN DA VENDA AMBULANTE.

A actividade fundamental da comunidade xitana é a venda ambulante, sobre todo a que ten lugar en mercadillos. É unha actividade tradicional, baseada nas súas habilidades comerciais, realizada en xeral con apoio familiar.

Tradicionalmente supuxo historicamente un paso positivo na mellora da solvencia económica e das condicións de vida dunha parte desa comunidade entre 1980 e 2000. A partir deste ano produciuse unha certa deterioración dos ingresos procedentes desta actividade como consecuencia tanto da globalización económica e o seu impacto nos mercados locais, como polo aumento da competencia (crecemento de grandes superficies e pequeno comercio con horarios flexibles e produtos baratos).

Para a maioría dos xitanos (sobre todo os de maior idade), a venda ambulante é a única forma de actividade e de xerar sustento para as súas familias. É un colectivo cun baixo nivel de estudos, que se dedica na súa maioría á venda de téxtil e calzado, sectores que na actualidade sofren unha crecente competencia nas compras e as vendas.

O Partido Popular de Santiago (PP) aposta por revitalizar o mercado ambulante de Salgueiriños superando a consideración xeral marxinalista cara ao sector. Queremos apostar pola viabilidade e visibilidade deste mercado ambulante por canto supón ser un medio esencial de vida para o colectivo xitano da nosa cidade.

O PP propón realizar unha análise previa de competitividade do mercadillo que nos permita establecer algunhas recomendacións en termos de políticas públicas e propostas para o debate. Estas accións deben apostar pola regularización e viabilidade do mercadillo de Salgueiriños como forma de integración dos xitanos e contribuír a aumentar o número de usuarios.

Por todo isto propoñemos 5 propostas a traballar co sector para mellorar o mercadillo:

- Creación dun Plan de promoción.
- Mellora das infraestruturas.
- Exoneración de taxas municipais.
- Mellorar e corrixir as limitacións en canto ao horario.
- Establecer unha liña créditos e axudas para a venda ambulante.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Instamos ao Goberno Local a crear unha mesa de traballo permanente na que estean representados os vendedores ambulantes, Goberno municipal e representantes dos Grupos municipais para que o prazo de 6 meses traballen na implementación das propostas enunciadas e outras que se poidan realizar.”

Presenta emenda transaccional “en voz” o PSdeG-PSOE, para mudar a conxunción “...e...” por “... ou...” (“... *propostas enunciadas ou outras que...*”), que é aceptada.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda instar ao Goberno Local a crear unha mesa de traballo permanente na que estean representados os vendedores ambulantes, Goberno municipal e representantes dos grupos municipais para que o prazo de 6 meses traballen na implementación das propostas enunciadas ou outras

que se poidan realizar.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 14:30 horas. Dou fe.